



PEGAR
ETIQUETA

Nivel 3

Competencia lingua galega

<i>Sinatura</i> <i>Firma</i>	
---------------------------------	--

Obxectivo	Avaliar as capacidades vinculadas á competencia en lingua galega.
Duración	1 hora
Estrutura da proba	A proba está integrada por 15 preguntas. 10 están relacionadas con dous textos e con elas preténdese avaliar a capacidade para comprendelos e sintetizar o seu contido. As outras 5 preguntas tratan diferentes aspectos lingüísticos.
Materiais que pode utilizar	Bolígrafo con tinta negra ou azul.
Criterios de cualificación da proba	Cada pregunta correctamente contestada ten unha puntuación de 1 punto, agás a pregunta de resposta aberta, que vale 6 puntos. A puntuación máxima é de 20 puntos.

Texto 1

CURSO DE FORMACIÓN: Técnicas para liberar e excarcerar vítimas en accidentes de tráfico

Lugar: A Estrada (Pontevedra)

Datas de realización: 17/06/2024-19/06/2024

Prazo de inscrición: 22/02/2024-02/03/2024

Persoas destinatarias:

- Bombeiros dos Parques Municipais e do Parques dos Consorcios
- Grupos de Emerxencias Supramunicipais
- Servizos municipais de protección civil e emerxencias

Requisitos:

1) As persoas solicitantes deberán acreditar que non teñen ningunha enfermidade nin limitación física ou psíquica que lles impida realizar as accións formativas ou desempeñar as funcións correspondentes ao curso ao que optan. Para isto, cubrirán a declaración correspondente xunto coa solicitude de matrícula no curso.

2) O alumnado deberá traer o seguinte equipo: casco, lentes de seguridade ou pantalla de protección, traxe de intervención ou funda anticorte, luvas de seguridade e botas de seguridade.

Renuncias:

O alumnado seleccionado só poderá renunciar ao curso por causas de forza maior, sempre que estean suficientemente xustificadas.

A renuncia deberáselle comunicar á Agasp, por correo electrónico ao enderezo formacion.emerxencias.agasp@xunta.gal e cunha antelación de tres días hábiles ao inicio do curso, co fin de poder cubrir a vacante.

(Adaptado de: <https://agasp.xunta.gal/gl/course/202034> [03/01/2020])

1. A quen vai destinado o curso de formación que se describe no texto 1?

- A. A distintas clases de persoal relacionado con servizos de emerxencias.
- B. Só a membros do grupo de emerxencias supramunicipal do concello da Estrada.
- C. Só a membros de protección civil que non padezan limitacións físicas ou psíquicas para realizar o curso.

2. Que pasos se deben seguir para a inscrición no curso?

- A. Presentar a solicitude de matrícula no lugar de traballo entre os días 17 e 19 de xuño de 2024.
- B. Enviarlle a solicitude de matrícula á Agasp cunha antelación mínima de tres días hábiles ao inicio do curso.
- C. Enviar a solicitude no prazo de inscrición, acompañada da declaración responsable de non padecer limitación algunha para a realización do curso.

3. Pódese renunciar á participación no curso?

- A. Si, sempre que se desexe e se lle comunique a Agasp no prazo de tres días hábiles desde o comezo do curso.
- B. Si, sempre xustificando a renuncia por causas de forza maior e comunicándoa cunha antelación de tres días hábiles ao comezo do curso.
- C. Non, nin sequera por causas de forza maior debidamente xustificadas.

4. Que significa o termo «equipo» no texto 1?

- A. Grupo de persoas unidas para realizar unha tarefa en común.
- B. Roupas ou material necesario para realizar unha actividade.
- C. Grupo de persoas que practican un mesmo deporte e que están asociadas nun número determinado para disputar partidos, campionatos etc.

5. O termo «luvas», que figura no texto, é...

- A. a viseira do casco que serve para protexer os ollos.
- B. o elemento de seguridade que protexe os xeonllos.
- C. a peza de vestiario que cobre as mans.

Texto 2

Unha das fórmulas de maior interese para o fomento do hábito da lectura é a posta en marcha dun club de lectura, porque inclúe varias das condicións necesarias para motivar os lectores e as lectoras mozos: a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquiredanzas, significados, emocións e opinións sobre as súas lecturas.

A posta en marcha dun club de lectura nun centro educativo consiste, basicamente, en promover a participación dun grupo de alumnas e alumnos para compartir as súas experiencias lectoras, coa mediación dunha persoa adulta que conduza todo o proceso.

Os clubs de lectura son, na actualidade, grupos de dinamización **a prol da lectura** nas comunidades educativas das que forman parte. Son ámbitos de aprendizaxe de competencias clave para a vida, pero tamén son espazos de convivencia e de educación cidadá.

O espazo natural para o club de lectura é a biblioteca escolar e os tempos axeitados para a súa realización dependen das posibilidades de cada grupo (tempos de lecer ou non lectivos). Para desenvolverlos é imprescindible a implicación persoal do profesorado, dadas as especiais características desta actividade.

(Adaptado de: <https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/2425>)

6. Cal é a finalidade dos clubs de lectura?

- A. Axudarlle ao alumnado galego con dificultades en distintos ámbitos de aprendizaxe.
- B. Crear bibliotecas escolares nos centros de ensino público galegos.
- C. Potenciar a lectura nos centros educativos.

7. Os clubs de lectura...

- A. promoven espazos de comunicación entre as lectoras e os lectores nos que comparten opinións sobre as súas lecturas.
- B. están presentes en todos os centros educativos galegos en horario lectivo.
- C. pónenos en marcha as lectoras e os lectores no centro educativo sen a necesidade de supervisión de persoas adultas.

8. Onde e cando se desenvolven os clubs de lectura nos centros educativos?

- A. Non hai espazos e tempos idóneos, depende das posibilidades de cada grupo.
- B. O profesorado decide o lugar e en que horas lectivas se desenvolven os clubs de lectura.
- C. O máis adecuado é a biblioteca e en tempo de ocio ou non lectivo.

9. A expresión «a prol da lectura», que figura destacada en letra grosa no texto, significa...

- A. por causa da lectura.
- B. a favor da lectura.
- C. con motivo da lectura.

10. Elabore un breve texto no que expoña a súa opinión sobre a importancia da lectura na aprendizaxe das competencias clave para a vida. (Extensión aproximada: 150 palabras)

11. Fíxese nos pronomes subliñados e indique cal é o enunciado correcto:

- A. Aquí o tes.
- B. Lle trouxeches o libro?
- C. Mañá me agardas na porta da biblioteca.

12. Observe con atención as formas verbais e indique cal é o enunciado correcto:

- A. Non sei se eles siguen querendo ir.
- B. Foxen porque teñen medo ás consecuencias.
- C. Esas palabras firen moito.

13. Cal dos seguintes enunciados é o correcto?

- A. Que nariz tan exquisita para os perfumes!
- B. Que legumes tan ricos!
- C. Que cárcere tan insegura!

14. A oración «Esa rapaza dálle moito xeito á pintura», que significa?

- A. Que pinta con moita habilidade.
- B. Que pinta con moita precaución.
- C. Que sempre foi torpe para pintar.

15. Cal dos seguintes enunciados expresan o mesmo ca «Ha andar polos vinte anos»?

- A. Non parece que teña vinte anos.
- B. Necesariamente ten vinte anos.
- C. Probablemente teña vinte anos.

